



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17. Oficina 10
36209 Vigo. Teléfono 986 208 758
secretaria@fedgalmon.gal — fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

CIRCULAR: 40_2023 CIRCULAR LICENZAS FEDERATIVAS ANO 2024 PARA CLUBS, PERSOAL ARBITRAL, PERSOAL TÉCNICO E DEPORTISTAS.

Con esta circular achégase información de interese das licenzas federativas **autonómica e FEDME**, xunto á táboa dos custos das licenzas deportivas da FGM, correspondentes á tempada 2024 (Seguro Obrigatorio de Accidentes Deportivos e cota federativa), aprobadas pola Asemblea Xeral celebrada o pasado 16 de decembro, como indican os estatutos da FGM. Tal e como tiveren ocasión de manifestar, os motivos polos que subiron os prezos son os seguintes:

1. **Incremento do IPC (Índice de Prezos ao Consumo).** Desde decembro do 2022 ata novembro de 2023 é do 3,1%, segundo datos ofrecidos polo Instituto Nacional de Estadística (INE), sendo a inflación media en España no 2023 do 3,60%.
2. **Aumento das cotas da compañía de Seguros Deportivos Obrigatorios.** Lamentablemente, durante o 2023 producíronse 300 accidentes, algúns moi graves no montañismo galego, e incluso cun falecido, que fixo subir substancialmente a sinistralidade e, consecuentemente, un encarecemento das taxas ofrecidas pola compañía. Algunhas, mesmo, non quixeron cotizar no sector deportivo.
3. **Necesidade de ampliar a estrutura do persoal da FGM.** O incremento do número de licenzas que tivo a federación, por enriba das 7.700, e sobre todo o aumento da actividade deportiva do último ano, incorporando novos campionatos de Galicia, non se viu reflectido na subvención ordinaria da Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia para o 2024, a pesar de que o deporte galego ten o maior capítulo orzamentario da súa historia. No 2024 a cantidade destinada por parte da Xunta á FGM aumenta menos de 900 euros, sendo a cantidade total próxima aos 33.000 euros para afrontar os gastos estruturais mínimos que permitan desenvolver as funcións públicas delegadas, as funcións propias, a promoción deportiva, os campionatos de Galicia, a participación da selección galega, etc. Isto acontece nunha federación que desenvolve actividades non competitivas e outras pertencentes ao deporte regrado, coa necesidade de contar con estrutura arbitral.

Do mesmo xeito que para o 2023 a actual Xunta Directiva da FGM propuxo unha redución do custo da licenza, nesta ocasión, polos motivos expostos, vímonos obrigados a propoñer un aumento, xa que nos últimos anos os incrementos das taxas das licenzas foron mínimos, pero debo lembrar que desde decembro do 2020 ata decembro do 2023 o IPC (Índice de Prezos ao Consumo) aumentou en España nada menos que o 16,3%.



Na táboa que se achega inclúese a desagregación por conceptos do importe da licenza federativa.



LICENZA FEDERATIVA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO ANO 2024
COBERTURAS E PREZOS SEGURO ALLIANZ

MODALIDADE	CATEGORÍA	PRIMA FGM	PRIMA FEDME	SEGURO ALLIANZ 2024	IMPORTE LICENZA 2024	IMPORTE LICENZA 2024 50% (SEGURO) BONIFICACIÓN
A	INFANTIL	3,71 €	1,33 €	16,96 €	22,00 €	13,52 €
	JUVENIL	6,00 €	6,25 €	32,75 €	45,00 €	28,63 €
	ADULTO	22,59 €	13,33 €	47,08 €	83,00 €	
B	INFANTIL	4,41 €	1,33 €	17,26 €	23,00 €	14,37 €
	JUVENIL	5,83 €	6,25 €	36,92 €	49,00 €	30,54 €
	ADULTO	22,18 €	13,33 €	51,49 €	87,00 €	
B Inclusión Social (BIS) Certificado de discapacidade de igual o maior do 33%	INFANTIL	3,81 €	1,33 €	16,86 €	22,00 €	13,57 €
	JUVENIL	4,89 €	6,25 €	16,86 €	28,00 €	19,57 €
	ADULTO	22,81 €	13,33 €	16,86 €	53,00 €	
C	INFANTIL	4,05 €	1,33 €	27,62 €	33,00 €	19,19 €
	JUVENIL	4,50 €	6,25 €	58,25 €	69,00 €	39,88 €
	ADULTO	21,07 €	13,33 €	103,60 €	138,00 €	
D	INFANTIL	3,63 €	1,33 €	47,04 €	52,00 €	28,48 €
	JUVENIL	4,15 €	6,25 €	94,60 €	105,00 €	57,70 €
	ADULTO	20,93 €	13,33 €	163,74 €	198,00 €	
E	ADULTO	22,14 €	13,33 €	838,53 €	874,00 €	
OT	INFANTIL	1,99 €	1,33 €	13,68 €	17,00 €	10,16 €
	JUVENIL	6,49 €	6,25 €	25,26 €	38,00 €	25,37 €
	ADULTO	20,17 €	8,93 €	31,90 €	61,00 €	
AU	INFANTIL	3,07 €		13,93 €	17,00 €	10,04 €
	JUVENIL	5,33 €		32,67 €	38,00 €	21,67 €
	ADULTO	22,91 €		38,09 €	61,00 €	

ACLARACIÓN IMPORTANTE PARA A EMISIÓN DE LICENCIAS FEDERATIVAS

Todos os clubs galegos deberán ter asinado previamente o Convenio de Protección de Datos para poder tramitar as licenzas dos seus deportistas. Este documento foi remitido no mes de xullo e tamén se volveu enviar o día 19 de decembro de 2023. No caso de que non se atope na bandexa principal deberán mirar na carpeta SPAM. Asemade, deberán asegurarse de que a dirección do seu correo electrónico coincida coa que figura no software PlayOff da Federación Galega de Montañismo. No caso de que non recibisen este correo, póñanse en contacto, á maior brevidade posible co Delegado de Protección de Datos da FGM a través deste enderezo electrónico: dpd@fedgalmon.gal.

As licenzas federativas do ano 2024 **poderanse tramitar a partir das 17:00h do 21 de decembro de 2023. Toda a información referente a estas licenzas pódese atopar no seguinte enlace:** <https://fedgalmon.gal/licenza/>

Para que os clubs poidades realizar a tramitación das licenzas federativas, tedes que ir a este enlace: <https://fgm.playoffinformatica.com/FormLogin.php>

Para poder tramitar a licenza é obrigatorio **achegar o enderezo electrónico e teléfono de cada federado (non pode ser o enderezo electrónico nin o teléfono do club)**, para despois poder descargar a licenza a través da aplicación Paso a Paso da FEDME. En caso de menores de idade, será obrigatorio achegar os datos da nai/pai ou titor/a.

No caso de ter dereito a bonificación do 50 % do importe do seguro de accidentes, debe indicarse o DNI e o enderezo electrónico da nai/pai ou titor/a que esté federado na FGM.

AS NOVAS FUNCÍONS DA PLATAFORMA DE LICENZAS PLAYOFF SERÁN AS SEGUINTE:

- A posibilidade de sacar a licenza física, cun custe de 3€ no momento da gravación da mesma. Tedes que ir ás opcións e ao final das mesmas, marcar en LICENZA FÍSICA.
- Os seguros de día tipo 1 e tipo 2 podedes facelos a partir do 1 de xaneiro desde a plataforma (pasaremos información).
- Cada venres farase a facturación automática, verédelas en FACTURAS, sexan de licenzas, inscricións a cursos, actividades, campionatos.
- Partes de accidentes, a partir do 2 de xaneiro faranse a través da plataforma e ides poder seguiilos desde o voso apartado de clubs.

LICENZA EN SOPORTE PVC DA LICENZA AUTONÓMICA E FEDME

As persoas que desexen ter a licenza federativa autonómica ou FEDME en formato plástico, deberán aboar 3 euros por licenza.

En canto á licencia FEDME:

1. Atendendo ao “Plan Estratéxico da FEDME” 2021-2024 (ORG_3.2) e sendo coherentes co plan de dixitalización do máximo posible das xestións da FEDME, as licenzas nacionais van subministrarse única e exclusivamente mediante FORMATO DIXITAL.
 2. É por iso que este ano, a FEDME non vai producir as tarxetas de plástico dando un paso adiante na adaptación ás novas tecnoloxías, á vez que actuando máis coherente-
-
-

mente coa redución do impacto ambiental e obtendo un aforro importante de custos que supoñían as tarxetas de PVC.

3. Tamén poderá obterse e tela actualizada mediante a App “PASO A PASO”, para dispositivos Android e iOS, no apartado “Licenza”, para o que a persoa usuaria deberá rexistrarse. Como usuario/a rexistrado/a, poderá gozar do resto de funcións e utilidades da aplicación (Inscricións, Noticias, Tenda, Club FEDME, suxestións, etcétera).
4. A licenza visualizarase cando os datos sexan recibidos na FEDME.
5. Na Asemblea Xeral da FGM do ano 2022, tomouse o acordo de eliminar as licenzas en plástico de forma gratuíta por sustentabilidade medioambiental.
6. Así mesmo informámosvos que, no seu momento, a Asemblea Xeral da FEDME decidiu premiar o esforzo que realizan os clubs de montaña eximindo da cota anual de 100€ a todos aqueles clubs que tivesen como mínimo 5 tarxetas federativas FEDME durante o ano. O ano no que o Club se dá de alta non se require o pago da cota anual.

En canto a licenza autonómica: A descarga da licenza autonómica poderase realizar a través da aplicación Paso a Paso.

Tamén vos recordaamos que:

- **Na FGM hai a posibilidade de tramitar a licenza de Inclusión Social (BIS)**, coas mesmas coberturas que a licenza B de ámbito nacional. Para poder tramitar esta licenza hai que achegar unha copia do certificado de discapacidade igual ou superior do 33%.
 - Hai **licenza infantil na modalidade OT**.
 - Para todos/as os rapaces/zas de 6 a 16 anos que **estean en escolas deportivas, os clubs poden tramitar o seguro de XOGADE: seguro deportivo gratuíta do programa XOGADE da Xunta de Galicia** (para realizar adestramentos nunha instalación deportiva cun/ha técnico/a e para asistir a competicións que estean no calendario federativo nas modalidades de escalada en rocódromo, carreiras por montaña, marcha nórdica e sendeirismo en sendeiros homologados). O coste de tramitación desta licenza é de 8 euros. A tramitación desta licenza estará operativa dende primeiros de xaneiro.
 - **Melloras propostas na Asistencia no Estranxeiro coa póliza AON_ALLIANZ contratada:**
 - ✓ Allianz Global Assistance dará cobertura no estranxeiro para todos/as os/as federados/as que teñan un accidente.
 - ✓ Servizo 24 horas ao día 365 días ao ano.
 - ✓ Compañía especializada en asistencia en viaxe internacional, líder mundial en seguros de viaxe e servizos de asistencia persoal.
-

- ✓ Máis de 13.000 empregados/as cualificados/as que falan 58 idiomas diferentes e son responsables de centros de operacións nos 5 continentes.
- ✓ Prestación directa sen necesidade de adiantos ou reembolsos posteriores
- **Aon conta co servizo de segunda opinión médica** para aqueles expedientes que a compañía exclúe por diferentes motivos: lesións preexistentes, crónicas, etc.
 - O Servizo Médico tras revisar o expediente elabora un informe que enviamos á compañía para rebater a exclusión no caso que entenda que se debería ter cobertura.
 - Para a Federación/Club e Federado/a deste servizo xéralles a confianza de saber que teñen a súa disposición un servizo médico gratuíto para que lles garanta a súa asistencia.
- Aon pon ao dispor da federación a súa **Plataforma de Atención ao/a Federado/a** para axudar en:
 - Tramitación e enchemento dos partes de accidentes.
 - Información acerca da evolución do seu expediente.
 - Información das autorizacións de:
 - ✓ Probas Diagnósticas (Resonancias Magnéticas, etc..)
 - ✓ Preoperatorios
 - ✓ Intervencións cirúrxicas

Prezo das Licenzas Federativas para o ano 2024

Só serán vinculantes as pólizas e condicións particulares asinadas, rexistradas, vixentes e en poder da compañía de seguros e da Federación Galega de Montañismo. Para máis datos deben dirixirse ao seu club de montaña federado.

En caso de viaxes ao estranxeiro é conveniente consultar a información del Ministerio de Asuntos Exteriores y Cooperación sobre "*Recomendaciones de viaje*", para coñecer que trámites deben realizarse previamente para entrar ou saír do país en cuestión (visados, vacinas, validez de documentos, etc.).

Xunto a esta circular achéganse estes documentos, que tamén podeades descargar dende os seguintes enlaces:

1. Prezos de Licencias FGM 2024, <https://fedgalmon.gal/licenza/>
 2. A desagregación de importes de licenzas FGM 2024, <https://fedgalmon.gal/licenza/>
 3. O Protocolo de actuación en caso de accidentes ALLIANZ_FGM 2023, <https://fedgalmon.gal/accidente/>
 4. O cadro médico ALLIANZ España 2024, <https://fedgalmon.gal/accidente/>
-

Vigo, a 21 de decembro de 2023

Anxo Manuel Fernández Saborido

V.º e pr. Josefina Maestu Almeida

O secretario xeral da FGM

A presidenta da FGM
